

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AOS GASTOS DERIVADOS DA NECESIDADE DE TRAMITACIÓN DUN EXPEDIENTE DE “MODIFICADO DO CONTRATO DA OBRA DE REHABILITACIÓN DE EDIFICIO EXISTENTE E AMPLIACIÓN EN EDIFICIO INDEPENDENTE PARA EQUIPAMENTO COMUNITARIO (COLIVING).”

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 25-2023, por un importe total de 72.724,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2023, para dar cobertura aos gastos derivados da necesidade de tramitación dun expediente de “MODIFICADO DO CONTRATO DA OBRA DE REHABILITACIÓN DE EDIFICIO EXISTENTE E AMPLIACIÓN EN EDIFICIO INDEPENDENTE PARA EQUIPAMENTO COMUNITARIO (COLIVING).”

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2023/1127 de data 11.07.2023, así como os RCMOD núms.: 2023/46945, 2023/46946, de data 17.07.2023, por importe de 72.724,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 72.724,00 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN S ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>C.P.</u>	<u>APLICACIÓN S ORZAMENTARIA S QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
23179.78000 23170.60100	40.000,00 € 32.724,00 €	22XX00035 23XX00014	24100.60900	16DUSINS	72.724,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	72.724,00 €		TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		72.724,00 €

INTERVENCIÓN

MVF/slb

Refª: ispac652207452324063239.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 25-2023 Modificado Coliving

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.